

Información ás familias sobre confinamentos do alumnado.

Este documento recolle como se levarán a cabo as clases na aula do seu/súa fillo/a nos seguintes casos:

- Confinamento ou peche da aula na súa totalidade
- Peche total do centro
- Confinamento dun ou varios/as alumnos/as na aula

Tanto o peche dunha ou varias aulas, o peche do centro ou confinamento de alumnado dunha aula, é unha decisión que adoptan as Autoridades Sanitarias, non a dirección do centro.

Tamén se recolle aquí como se comunicará coa familia o centro e o profesorado que imparte clase na aula.

Despois de tomada a decisión do peche da aula ou do centro, aplicarase o chamado Plan de Continxencia (está publicada na web do colexio www.colecarino.net a súa última actualización).

1.- Comunicación co centro e a persoa titora.

- **Comunicación co equipo directivo:** cando a familia necesite comunicarse coa directora do centro farase a través do teléfono 881880334 ou do correo ceip.manuel.fraga@edu.xunta.gal
- **Comunicación co titor:** Cando a familia necesite comunicarse co titor pode empregar o correo electrónico vogaldo@edu.xunta.es e a mensaxería por Edixgal.

2.- Planificación docente para o ensino non presencial.

Área	Procedemento de traballo.
<ul style="list-style-type: none">▫ Lingua Galega▫ Lingua Castelá▫ Matemáticas▫ Ciencias Sociais▫ Ciencias Naturais	<ul style="list-style-type: none">• Traballarase principalmente mediante a plataforma Edixgal.• Publicaranse nos foros das distintas áreas, e de xeito diario, as tarefas correspondentes ao horario estipulado, ademais de explicacións adicionais ás aportadas pola Editorial Netex, e tamén correccións para que o alumnado poida traballar maioritariamente de forma autónoma.• As actividades as corruxará o alumnado segundo os modelos

	<p>que achegue o profesor. De forma flexible, cun intervalo semanal ou quincenal, o alumnado enviará as tarefas realizadas e corrixidas para que o profesor as poida revisar e valorar. Pode remitilas por correo electrónico ou pola plataforma Edixgal.</p> <ul style="list-style-type: none"> • O contacto coas familias e titorías terá lugar a través de Abalar Móbil, do correo electrónico ou do teléfono.
<p>Inglés</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Traballarase principalmente mediante a plataforma Edixgal. • Publicaranse tarefas semanais para as que o alumnado terá que proporcionar unha resposta (realizar exercicios nos libros virtuais, fichas interactivas, elaborar e subir documentos de texto ou doutro tipo, etc). • En caso de que haxa algún alumno sen posibilidade de acceder a internet desde o seu domicilio o lóxico sería unificar a forma de entregar e acceder ás tarefas entre todas as asignaturas do grupo. Como alternativas vexo as seguintes: <ol style="list-style-type: none"> 1. Traer o ordenador do alumno ao centro un día á semana para que se poidan sincronizar contidos dos libros de Edixgal e descargar outras tarefas, materiais, documentos ou fichas externas á plataforma. 2. Tamén semanalmente, recoller e entregar as tarefas e documentos nunha unidade de memoria. 3. Según o tipo de tarefa que se lle pida en cada caso ao alumno, ésta poderíase recibir e entregar por medio do correo electrónico. • O contacto coas familias e titorías tería lugar a través de Abalar Móbil e do teléfono.
<p>Educación Física</p>	<p>O traballo publícase na aula virtual por quincenas. Existen tres apartados: un espazo para a lectura e a visualización de vídeos, as tarefas para realizar durante esa quincena, e unha proposta de actividade física.</p> <p>A comunicación co mestre para as consultas e resolución de dúbidas será mediante foros e a mensaxería. O alumnado poderá</p>

	<p>ser convocado a videoconferencias.</p> <p>En caso de confinamentos breves e co alumnado con dificultades para a conexión utilizarase unha libreta para a realización das tarefas. Esta libreta debe ser entregada ao incorporarse de novo ao centro para a revisión.</p>
Educación Artística	<p>No caso da ensinanza online, publicarase en Edixgal quincenalmente actividades que abarquen os contidos correspondentes a cada un dos bloques da materia.</p> <p>Para calquera dúbida, a comunicación coa mestra será a partir da plataforma Edixgal, ou ben do espazo Abalar.</p> <p>Ditas tarefas poden subirse Edixgal ou envialas ao correo que facilitará a propia docente.</p> <p>Por outra banda, de escoller o ensino non dixital o alumnado realizará igualmente as actividades (que a profesora remitirá a un correo familiar), tamén publicadas quincenalmente, en follas soltas que deberá entregar feitas ao incorporarse ao centro.</p>
Relixión	<p>Informe ás familias sobre o confinamento do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>O traballo para facer publicarase en Edixgal de forma semanal.</i> • <i>A entrega de traballos farase a través de correo electrónico, mensaxería ou a través de Edixgal.</i> • <i>No caso de familias con dificultades tecnolóxicas poderase enviar o traballo ao correo electrónico das familias (se o solicitan).</i> • <i>O contacto coas familias terá lugar a través de Abalar Móbil, correo electrónico e do teléfono.</i>
Robótica	<p>O espazo de traballo será a aula virtual. No curso de Robótica. Por quincenas se fará unha proposta de reto para o alumnado que debe resolver en Scratch e publicar no foro do curso. O foro e a mensaxería serán os instrumentos para resolver dúbidas e poñerse en contacto co mestre.</p>

2.1.- Equipamento necesario para o seguimento das clases a distancia.

O material necesario é unha conexión a internet, ben fixa ou a través de datos móbiles, o computador facilitado pola plataforma Edixgal, ou na súa falta, un computador de sobremesa, un portátil ou unha tablet.

2.2.- Solicitud de equipamento.

No caso de confinamento do alumnado, as familias poden poñerse en contacto co colexio para comunicar a necesidade dun equipo informático e/ou unha conexión a internet, se non dispón no seu fogar, ou non ten posibilidade de obtelo, para poder seguir desde a casa a actividade educativa.

O colexio remitirá a solicitude ao departamento correspondente da Consellería de Educación. De ser aceptada a solicitude, entregarase o equipamento á familia unha vez asinado o "Acordo de Cesión".

3.- Horarios.

3.1.- Confinamento dun/dunha alumno/a.

Mantense o horario presencial da aula.

Horario do alumnado de 6ºA					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 a 10:20	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Música
10:20 a 11:10	Inglés	L. Castelá	Inglés	L. Castelá	Matemáticas
11:10 a 12:00	Valores/ Relixión	Ed. Física	Robótica / Reforzo	Inglés	L. Galega
12:00 a 12:20	Recreo				
12:20 a 13:00	Lectura				
13:00 a 13:40	L. Castelá	Plástica	L. Galega	Ed. Física	C. Sociais
13:40 a 14:30	C. Sociais	L. Galega	C. Sociais	C. Natureza	C. Natureza

3.2.- Confinamento do grupo.

Mantense o horario presencial da aula.

Horario do alumnado de 6ºA					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:30 a 10:20	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas	Música
10:20 a 11:10	Inglés	L. Castelá	Inglés	L. Castelá	Matemáticas
11:10 a 12:00	Valores/ Relixión	Ed. Física	Robótica / Reforzo	Inglés	L. Galega
12:00 a 12:20	Recreo				
12:20 a 13:00	Lectura				
13:00 a 13:40	L. Castelá	Plástica	L. Galega	Ed. Física	C. Sociais
13:40 a 14:30	C. Sociais	L. Galega	C. Sociais	C. Natureza	C. Natureza

3.3.- Peche do centro.

Establecerase o horario adaptado ao ensino non presencial.

6ºA					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
10:00 10:45	Matemáticas Vicente O.	Matemáticas Vicente O.	Matemáticas Vicente O.	Matemáticas Vicente O.	Lingua Gal Vicente O.
10:45 11:30	Inglés Jesús O.	Relixión Manuel S. Valores JM Docal	Plástica Marta D.	Lingua Cast Vicente O.	L.Gal/L.Cast Vicente O.
11:30 12:15	Música Marta D.	Lingua Gal Vicente O.	Inglés Jesús O.	EF Fran M.	Robótica Fran M. Reforzo Vicente O.
12:15 13:00	Ciencias Soc Vicente O.	Titoría Vicente O.	Lingua Cast Vicente O.	Ciencias Nat Vicente O.	Ciencias Soc Vicente O.

3.4.- Titoría co alumnado.

O alumnado que estea a traballar de forma non presencial, ben por corentena individual, por peche da aula, ou por peche total do centro, poderá expor aquelas dúbidas que teña a través do correo electrónico ou a mensaxería propia do sistema Edixgal. O profesor responderaas tan axiña coma sexa posible.

3.5.- Titoría coas familias.

As titorías a nivel familiar, cando o alumno se atope nun proceso de corentena individual ou peche de aula, estableceranse polas tardes, nun horario flexible e adaptado ás condicións laborais de cada familia.

No caso dun peche total de centro, as titorías veñen estipuladas no horario de ensino non presencial: martes de 12:15 a 13:00.

4.- Procedemento de avaliación para o ensino non presencial.

Os criterios de avaliación e promoción de 6º de Educación Primaria serán os actualmente recollidos na resolución do 18 de novembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Real Decreto lei 31/2020, do 29 de setembro polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria. Publicada pola Consellería de Educación no DOG do 25 de novembro de 2020, así como os diferentes criterios de cualificación recollidos na programación didáctica do 6º nivel.

Valorarase especialmente o traballo entregado, o esforzo, a constancia, os resultados das diferentes probas de avaliación e cualificación, así como a participación e a comunicación frecuente co profesorado.

5.- Normas de organización e funcionamento para o ensino a distancia.

En primeiro lugar, debemos ter en conta que os **dereitos e deberes** para o alumnado e profesorado seguirán sendo os mesmos.

En canto ao resto de normas, en xeral, serán as mesmas. Os cambios, debido á nova situación de peche, están recollidos no Plan de Continxencia citado anteriormente.

Principalmente deberemos ter en conta que será considerada como **aula**, a todos os efectos, a **aula virtual**.